



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NEDA

*Exposición pública do padrón fiscal da taxa do Servizo de Axuda no Fogar do mes de febreiro de 2026*

#### **Anuncio cobranza dos padróns fiscais correspondentes ao mes de febreiro do 2026 pola recepción do Servizo de Axuda no Fogar**

Polo acordo da Xunta de Goberno Local de 9 de marzo de 2026 aprobáronse os padróns fiscais, do mes de febreiro de 2026, da taxa pola recepción do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), a través da Lei de Dependencia e na modalidade de libre concorrència.

**Exposición:** Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación deste Edicto no BOP, o cal ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e artigo 24 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía.

**Período de cobramento:** O prazo de cobramento, en período voluntario, será de DOUS meses contados a partir do día seguinte á publicación no BOP. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

**Carga de recibos domiciliados:** Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan cargados nas contas dos seus clientes.

**Recursos:** Contra as débedas consignadas no padrón contributivo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

-Reposición, ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

-Contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición se é expresa, e no prazo de 6 meses dende a súa interposición, se non o fose.

-Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

Vila de Neda, 12 de marzo de 2026

O alcalde

Angel Alvariño Saavedra

2026/1598